

## ANUNCIO DA 2.ª QUENDA DOS “CAMPAMENTOS A LANZADA” 2026

A entrada e a saída do campamento faranse de forma gradual, de acordo co seguinte:

- Data de entrada: domingo 28 de xuño (pola tarde)
- Data de saída: sábado 4 de xullo (pola mañá)

Orde por apelidos	Horario de entrada domingo 28 de xuño	Horario de saída sábado 4 de xullo
1.º De Abalo a Crespo	De 16:00 a 16:25 h	De 10:00 a 10:25 h
2.º De Díaz a Lozano	De 16:30 a 16:55 h	De 10:30 a 10:55 h
3.º De Mariño a Pérez	De 17:00 a 17:25 h	De 11:00 a 11:25 h
4.º De Pinheiro a Villot	De 17:30 a 18:00 h	De 11:30 a 12:00 h

Poderase acceder ao recinto en coche, pola segunda entrada, na estrada cara a San Vicente do Mar. Unha monitora ou monitor indicará o lugar de entrada e saída.

Importante! É OBRIGATORIO LEVAR A TARXETA SANITARIA OU A DO SEGURO PRIVADO DA NENA OU DO NENO

- ❖ Se por algunha causa xustificada a nena ou o neno non puidese chegar no horario indicado:

A nai, o pai, a titora ou o titor legal deberá comunicalo previamente a través dun correo electrónico a [xuventudereto@depo.es](mailto:xuventudereto@depo.es) e indicar o motivo e a hora de chegada prevista.

- ❖ Se a nai, o pai, a titora ou o titor legal non puidese levar ou recoller a nena ou o neno:

Deberá achegar unha autorización debidamente asinada (segundo o modelo do anexo I) por correo electrónico a [xuventudereto@depo.es](mailto:xuventudereto@depo.es) e entregarlle á directora ou ao director do campamento o día de entrada ou de saída.

- ❖ No caso de non poder asistir ao campamento:

Deberá comunicarlle a súa renuncia ao Servizo de Xuventude e Reto Demográfico mediante o correo electrónico [xuventudereto@depo.gal](mailto:xuventudereto@depo.gal) (segundo o modelo do anexo II), o máis axiña posible, co fin de que a Deputación poida realizar as xestións necesarias para adxudicarlle esa praza á seguinte persoa da lista de agarda.

Así mesmo, pode atopar outra información de interese (equipaxe mínima aconsellable, protocolo de non recollida etc.) en <https://www.depo.gal/es/-/campamentos-a-lanzada>.

### Anexo I: Autorización para a entrega e/ou recollida de menores

Eu, ..... (nome completo da persoa responsable),  
con DNI número ....., en calidade de ..... (nai/pai/titora/titor  
legal) de ..... (nome completo  
da/do menor ou menores), AUTORIZO a .....  
(nome completo da persoa autorizada) para que realice (sinala cun X a opción que  
corresponda):

- A entrega da/do menor ou menores o día de inicio do campamento.  
 A recollida da/do menor ou menores o día de finalización ou saída parcial.  
 Ambas as dúas (entrega e recollida).

Número de teléfono de contacto da persoa autorizada: .....

A persoa autorizada deberá identificarse ante o persoal responsable do  
campamento amosando o seu DNI.

Data

Sinatura

### Anexo II: Comunicación de renuncia á praza concedida

Eu, ..... (nome completo da persoa responsable),  
con DNI número ....., en calidade de ..... (nai/pai/titora/titor  
legal), comunico a renuncia á praza de .....  
(nome completo da/do menor ou menores) na quenda número ..... dos  
"Campamentos A Lanzada" 2026.

Data

Sinatura